

Faro *da* Cultura

Turismo predador

As masas e o equilibrio das cidades

JOAQUIM VENTURA

A recente rebelión veciñal da Barceloneta contra os turistas sen escrúpulos puxo a alerta da fragilidade dunha cidade como Barcelona fronte ao modelo de turismo de masas. Inmediatamente, foron moitas voces as que se ergueron contra a despersonalización do centro da cidade. Para que o lector se sitúe, cómpre explicar dúas premisas: a primeira, como é a Barceloneta para quen non a coñeza. Imaxínade que Bouzas estivese construída co deseño urbanístico de Ferrol. Situado ás costas do porto desde 1753, sempre foi un barrio mariñeiro e obreiro, afastado do núcleo histórico pola muralla e cunha forte endogamia social.

A segunda das premisas é a causa do éxito turístico de Barcelona. Co Mundial de fútbol de 1982 os italianos descubriron a cidade onde a squadra azzurra venceu nas semifinais que lle deron paso á final que gañou a Alemaña. Pero foi cos Xogos Olímpicos de 1992 cando o mundo descubriu as marabillas que agochaba esta cidade bimilenaria. Coa xeneralización dos vos de baixo custo, a capital catalá pasou a ser un dos principais destinos turísticos de Europa.

Pero a diferenza das grandes capitais (París, Londres, Roma), Barcelona ten pouca masa crítica urbana como para encaixar a chegada masiva de visitantes. Unha cousa semellante acontece con cidades como Praga, Venecia ou a mesma Berlín, que malia a súa extensión, aínda está a pagar os anos de división e a fragilidade de estar illada.

Pero cales son os elementos que definen un modelo turístico de masas? Un deles é a concentración humana nunha área concreta, central, que se pon á total disposición dos visitantes. Se visitamos o 90% do resto da cidade apenas nos decataremos da súa condición de desti-



Turistas no Parque Güell (Barcelona)

O patrimonio de noso é posto ao servizo só dos forasteiros

no turístico (podémolo observar facilmente en Compostela). A principal consecuencia diso é a disposición dunha parte dos empresarios locais a alterar a personalidade do comercio, o urbanismo e a restauración. Así, é doado atopar bares e restaurantes da Rambla ou do Franco, por exemplo, onde a oferta non pasará dunha paella individual industrial ou dunha pescada



Peregrinos nas rúas de Santiago de Compostela.

conxelada cunha allada de ocasión.

Pero esa mesma cobiza leva á transgresión e a converter pisos en apartamentos turísticos, os máis sen legalizar, naturalmente, e a ofertalos en internet. Aloxamentos á marxe dos planos de usos, do pago de impostos e das medidas de control necesarias canto ao comportamento dos clientes. E alí foi onde estoupou a Barceloneta, cando os usuarios a confundiron cun barrio de praia, como Lloret de Mar ou Magaluf. Obviamente, todo iso conduce á expulsión dos veciños, nunhas dobres tenaces de mobbing inmobiliario polas incomodidades e polo especulación nos prezos que fai máis apetecible alugar a turistas que a unha familia: catro veces máis ganancias, sen risco e en negro.

Pero hai máis consecuencias. Unha delas é a usurpación do espazo público a favor da súa saturación polos visitantes e a privatización indirecta que supón. Así, temos unha progresiva substitución dos habitantes de edificios antigos e singulares por hoteis, co que iso supón de despersonalización da contorna. Substitución que expulsa aos cidadáns locais do patrimonio de seu, posto ao servizo dos forasteiros como ven de suceder no coñecido Park Güell (agás dos veciños do barrio, os visitantes teñen que pagar entrada) ou nos comerciantes e clientes do mercado da Boquería, amolados por tanta fotografía intrusiva.

Vicente Risco, por anticosmopolitismo, xa botou pestes do turismo nos anos trinta. Con todo, non lle faltaba parte de razón. O turista de masas non vai descubrir: simplemente vai verificar o que quere ver a priori. Despois sucede que apenas queda espazo para observar a Giconda, estando como está cunha muralla permanente de xaponeses.